



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Proxecto de lei polo que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o seu procedemento de designación

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na AC-305 Padrón (AG-11)-Ribeira (AC-550), treito: travesía de Escarabote

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Miguel Martínez Losada como director do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o *Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)*, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos nas pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, no contexto da convocatoria de axudas do *Igape* a través das súas bases reguladoras
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o *Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)*, o *Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas* e o *Instituto Español de Comercio Exterior* para o desenvolvemento do plan de promoción dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas en EE.UU. durante o período 2008-2010, e o gasto plurianual derivado deste

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 4.367.548,29 euros para a subministración de sistemas para a protección de motociclistas nas barreiras metálicas das redes de estradas da Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Ministerio de Vivenda da Administración do Estado, a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a realización e financiamento das obras de remodelación da Praza de Abastos de Santiago de Compostela
- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico na provincia de Lugo a *Festa da Filloa de Muimenta* (concello de Cospeito) e a *Festa do Ourizo* de Cervo

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello do informe que se lle remitirá ao Parlamento sobre o Rexistro de Altos Cargos



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre o esquema de incentivos á promoción empresarial do Instituto Galego de Promoción Económica

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre o Plan Aurora de Emprego Feminino

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proposta de renovación do Consello Consultivo de Galicia



O GOBERNO GALEGO APROBA O PROXECTO DE LEI QUE REFORZA A INTERVENCIÓN DOS AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS NAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

- *O proxecto de lei polo que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais é froito do 'Acordo polo Emprego' asinado por Administración, patronal e sindicatos o pasado ano*
- *A reforma dota este organismo de autonomía e de máis medios humanos para incrementar a eficacia do seu labor*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei polo que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). Esta entidade é o único organismo de participación institucional integrado exclusivamente por axentes económicos e sociais. Este proxecto foi abordado pola Consellería de Traballo coa intención de reforzar o papel fundamental que teñen os axentes económicos e sociais na articulación do mundo do traballo, na liña de acción política que ten coma eixo fundamental o *Novo marco de relacións laborais en Galicia: Acordo polo Emprego*, asinado o pasado ano pola Administración autonómica, patronal e sindicatos.

De feito, a modificación do regulamento do CGRL busca mudar o papel dos axentes económicos e sociais na participación das políticas activas de emprego. Así pois, o proxecto de lei confire a este organismo autonomía, e ademais dótao de máis recursos humanos e orzamentarios para incrementar a eficacia do seu labor.

Un dos aspectos nos que fai fincapé o proxecto de lei é na potenciación da negociación colectiva, dado o seu relevante papel nas relacións laborais. O obxectivo é promover unhas relacións laborais modernas, estables e permeables ás necesidades do mercado laboral. Por iso, a través dun novo Servizo de Negociación Colectiva, e de común acordo cos axentes sociais, o CGRL estará en disposición de afrontar a racionalización e o enriquecemento dos convenios colectivos galegos, sendo este o ámbito de traballo fundamental do Consello.

O proxecto de lei converte ao Consello nun organismo con autonomía, investido de personalidade xurídica e capacidade de obrar para acadar os fins que lle corresponden. O Consello constitúese como ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e como órgano consultivo e asesor da Comunidade Autónoma nas materias relativas á súa política laboral.

Así mesmo, o proxecto de lei modifica as funcións e determinadas normas que regulamentan o día a día do Consello, coa finalidade de ampliar o seu campo de acción no eido da xestión dos acordos que lle sexan encomendados polos interlocutores sociais. Isto incide especialmente no ámbito dos procedementos



extraxudiciais de solución de conflitos de traballo e nas materias referentes á negociación colectiva.

A Comisión Permanente mudará a súa composición, para cumprir cunha das notas definitorias deste organismo: a presenza na súa sede de todas as forzas sociais máis representativas do territorio galego. Desta maneira, de catro persoas membros que a conformaban ata o de agora pasará a ter seis integrantes, ademais das persoas que desempeñen a Presidencia e a Secretaría Xeral.

Tamén mudará a composición das comisións de traballo, ao eliminarse a incompatibilidade existente na lei entre a condición de membro do Consello coa condición de membro destas comisións, dado que, en moitas ocasións, esta regra restaba eficacia á actividade que lle corresponde desenvolver ao CGRL.

Por outra banda, suprímese a figura da Vicepresidencia, vacante nos últimos 15 anos de existencia deste organismo, asumindo a Secretaría Xeral as funcións que lle eran inherentes.

Así mesmo, incorpóranse novos contidos para dotar o Consello de persoal propio, que estará integrado polo persoal laboral e funcionario que sexa necesario para o cumprimento dos seus fins.

Finalmente, determínase un réxime de financiamento que avanza na autonomía do Consello, pois será o propio organismo o que aprobará e executará anualmente o seu orzamento, que se tramitará a través do departamento competente nesta materia, financiándose coas dotacións orzamentarias que para tal efecto se consignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.



O CONSELLO APROBA O REGULAMENTO DE MÁQUINAS RECREATIVAS E DE AZAR DE GALICIA

- *Con el búscase equiparar o xogo de máquinas de Galicia co doutras comunidades autónomas, modernizar o sector e simplificar os trámites administrativos sen diminuír o control*
- *O incumprimento deste regulamento dará lugar a multas de entre 1.000 e 600.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto do regulamento de máquinas recreativas e de azar de Galicia. Desta forma búscase equiparar o xogo de máquinas de Galicia co doutras de comunidades autónomas, modernizar o sector, simplificar os trámites administrativos sen diminuír o control e mellorar unha actividade que dá traballo a máis de 3.000 persoas en Galicia – que traballan en 2 casinos, 18 salas de bingo, preto de 100 salóns de xogo e 400 empresas operadoras-. Este decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no DOG.

Entre as novidades que introduce este decreto, créase un novo tipo de empresas de xogo, que son as empresas prestadoras de servizos de interconexión entre as máquinas e os establecementos de xogo. Ademais, para buscar a equiparación entre comunidades autónomas e mellorar o sector, introdúcense acordos aos que se chegou na Comisión Sectorial de Xogo, dependente do Ministerio do Interior, como o uso de sistemas de vídeo en certas máquinas en substitución ao rolo e a utilización de diversos medios de pagamento.

Neste último caso, incluso se poderá autorizar –pola Dirección Xeral de Interior- a expedición de tarxetas electrónicas de pagamento e reintegro exclusivas para un determinado salón de xogo, sala de bingo ou casino para facilitar as medidas de seguridade nestes establecementos. Ademais, agora tamén se permitirá a interconexión entre salóns e con máquinas de tipo A, B e C. Ata agora só se permitía entre máquinas B dentro dun mesmo salón. As máquinas multiposto –para varios xogadores- poderán estar en bingos, casinos e salón cando ata o momento só podían instalarse nestes últimos.

Este regulamento ten por obxecto a regulación do xogo das máquinas recreativas e de azar e de aparellos manuais ou automáticos que, a cambio dun prezo certo, ofrecen ao usuario un tempo de utilización para o entretemento ou a obtención dun premio. Tamén regula as devanditas máquinas recreativas, as actividades relacionadas con estas, as persoas e establecementos dedicados a estas actividades –en especial aos requisitos de instalación- e as autorizacións administrativas para a organización, práctica e desenvolvemento de xogos mediante máquinas.



Este regulamento non se aplica a máquinas expendedoras –que efectúan vendas de produtos ou servizos a cambio de diñeiro e que non admitan apostas, combinacións aleatorias, habilidade ou xogo de azar-, ás máquinas tocadiscos ou videodiscos, aos aparellos de uso infantil accionados por moedas e destinados ao entretemento por simulación mecánica e a máquinas destinadas á competencia ou ao deporte – como futbolíns ou mesas de billar-.

O regulamento tampouco se refire a máquinas, aparellos, instrumentos ou dispositivos que usen redes informáticas, telemáticas, vía satélite ou medios de comunicación ou conexión a distancia que ofrezan, durante un tempo e a cambio dun prezo por uso, servizos diferentes a xogos recreativos e de azar –como Internet, chat, correo electrónico ou videoconferencia- e a máquinas propias de feiras populares e non permanentes xestionadas por feirantes acreditados.

Ademais, non se poderán inscribir como máquinas de xogo as que usen imaxes ou realicen actividades que poidan prexudicar a formación da infancia e a xuventude ou que transmitan mensaxes contrarias aos dereitos da Constitución española, sobre todo se conteñen elementos racistas, sexistas, pornográficos ou que fagan apoloxía da violencia.

Nos seis meses seguintes á entrada en vigor desta norma desenvolveranse os procedementos de autorización e homologación das máquinas A especial e do troco de xogo en máquinas de vídeo tipo B, momento ata o que non se poderán homologar ou autorizar máquinas deste tipo. Ata o 31 de decembro de 2010 non se autorizarán novas explotacións para máquinas de tipo B, as empresas de máquinas de xogo terán que adaptarse a este regulamento nun prazo de 6 meses desde a súa entrada en vigor e os salóns recreativos e de xogo terán un ano para axustarse ás condicións técnicas e de seguridade que se aproban hoxe neste regulamento. Ademais, a información existente nos departamentos xestores de xogo da Comunidade pasará a integrarse no Rexistro de Empresas de Máquinas de Xogo e no Rexistro de Modelos homologados de máquinas de xogo, creado por este regulamento e que depende da Dirección Xeral de Interior.

Tipos de máquinas

Os tipos de máquinas que se recoñecen neste regulamento son as de tipo A -recreativas-, de tipo A especial, de tipo B –ou recreativas con premio programado- e de tipo C –de azar-. As máquinas de tipo A ou recreativas ofrécenlle ao usuario un tempo de uso ou xogo a cambio do prezo da partida, sen que poidan conceder premios en metálico, en especie ou en forma de puntos cambiábles por obxectos ou diñeiro. Poden instalarse en salóns recreativos e de xogo, salas de bingo, casinos, centro hoteleiros, cámpings, parques de atraccións, centros de recreo, feiras de mostras e en establecementos de hostalaría.



As máquinas de tipo A especial, á parte de proporcionar un tempo de xogo, poden conceder un premio directo en especie ou en forma de tickets, fichas ou similares, aínda que só de maneira eventual e sen que o valor máximo do mercado do premio supere os dez euros.

As máquinas de tipo B ou recreativas con premio programado conceden un tempo de uso ou xogo a cambio do prezo de partida e, eventualmente, conceden un premio en metálico de acordo co programa de xogo e cos límites legais. Estas máquinas terán un prezo máximo de 20 céntimos de euro por partida en establecementos de hostalaría e de 50 céntimos en salóns de xogo, salas de bingo ou casinos. A novidade que se introduce nestas máquinas é a posibilidade de substituír o rodillo por sistemas de vídeo e, grazas a este avance tecnolóxico, permítese a incorporación de ata tres xogos nunha máquina.

As máquinas C, a cambio dunha determinada aposta, conceden un tempo de xogo e, eventualmente, un premio que dependerá do azar. Neste senso, considerarase azar cando as probabilidades de obter unha combinación ou premio non dependan das partidas anteriores. Como novidade, introdúcense novos premios xa que poden interconectarse e outorgar un premio especial ou superbolsa, ademais de premios en especie trocables por cartos.

Réxime sancionador

O incumprimento deste regulamento e da lei vixente na materia dará lugar a infraccións que poden ser moi graves, graves e leves. Serán leves cando non produzan prexuízos a terceiros nin beneficios ao infractor e segundo o previsto na lexislación para esta denominación e sancionaranse con apercibimento a primeira vez e cunha multa de 1.000 a 3.000 euros se persiste. Exemplos de infraccións leves serían que a documentación incorporada á máquina estea parcialmente tapada, que a máquina non conte con documentación orixinal ou que falte o cartel de prohibición da entrada a menores.

As infraccións moi graves e graves están tipificadas na Lei 14/1985, reguladora dos xogos e apostas en Galicia. Serían sancións moi graves permitir aos menores de idade xogar en máquinas de tipo A especial, B ou C, non posuír todas as autorizacións previstas, situar as máquinas en recintos distintos aos autorizados, superar os límites máximos de premios permitidos por cada máquina ou conceder empréstitos ás persoas xogadoras. Infraccións graves serían admitir máis persoas xogadoras do que permita a capacidade do local, ceder autorizacións para a práctica de xogos, a negativa a exhibir documentos acreditativos a persoal de Inspección de Xogos ou a coacción ou intimidación sobre persoas xogadoras.



As infraccións graves castigaranse con multa de entre 3.000 e 18.000 euros. As moi graves serán sancionadas con multa superior a 18.000 euros, podendo chegar ata aos 100.000 e incluso ata 600.000, no caso de reincidencia ou por considerarse necesario en función das contías xogadas, dos beneficios obtidos ou da incidencia social. Ademais destas multas, unha infracción moi grave tamén pode orixinar a imposición dunha sanción accesoria de retirada temporal ou definitiva da autorización.

A XUNTA APROBA O DECRETO DE REGULACIÓN DOS ÓRGANOS ESTADÍSTICOS DAS CONSELLERÍAS E DO SEU PROCEDIMENTO DE DESIGNACIÓN

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e o seu procedemento de designación. A norma está enmarcada dentro dos obxectivos organizativos do Plan Galego de Estatística 2007-2011 polo que se persegue un uso máis racional dos recursos e das informacións dispoñibles polas distintas administracións públicas. No Plan fíxanse as funcións dos órganos estatísticos das consellerías sectoriais, establécese a necesaria coordinación entre estes e o Instituto Galego de Estatística (IGE), e prevese o desenvolvemento regulamentario para o seu procedemento de designación.

O decreto aprobado hoxe dá cumprimento ao recollido no Plan e contribuirá á racionalización e mellora da oferta estatística da Administración galega, permitindo promover a coordinación entre os órganos encargados da produción estatística. Para acadar unha eficiente regulación destes órganos o decreto prevé a creación do Rexistro de Órganos Estatísticos Sectoriais da Administración Autonómica Galega, adscrito ao Instituto Galego de Estatística (IGE). Neste rexistro aparecerá a designación do órgano estatístico sectorial, a identidade coordinadora deste e o seu emprazamento físico.

Entre as funcións atribuídas aos devanditos órganos destacan a elaboración e difusión das estatísticas propias dos organismos e entes públicos correspondentes; a elaboración de operacións estatísticas encomendadas polo Plan Galego de Estatística; e a colaboración co IGE –órgano adscrito á Consellería de Economía e Facenda- na elaboración daqueles informes necesarios para o correcto seguimento das actividades incluídas nos programas estatísticos anuais.

O Plan Galego de Estatística 2007-2011 foi aprobado en decembro de 2006 e define un sistema de planificación por obxectivos para a creación, organización e difusión do coñecemento estatístico de acordo coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais, e dos cidadáns en xeral. Como instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística de Galicia, o plan inclúe unha estrutura que achega maior flexibilidade na planificación e unha adaptación máis sinxela tanto ao sistema estatístico da Administración central como aos cambios nas demandas e necesidades que poidan producirse en Galicia



POLÍTICA TERRITORIAL ELIMINARÁ UN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA TRAVESÍA DE ESCARABOTE, ENTRE BOIRO E A POBRA DO CARAMIÑAL

- *A CPTOPT investirá 1,5 millóns de euros nas obras de mellora da seguridade viaria nese treito da estrada Padrón-Ribeira*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora da seguridade viaria no treito da estrada Padrón-Ribeira (AC-305) coñecido como travesía de Escarabote, entre Boiro e A Pobra do Caramiñal, e que está catalogado como Tramo de Concentración de Accidentes (TCA).

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 1,5 millóns de euros (dos cales 125.000 euros corresponden á expropiación de 97 predios afectados) nas obras de mellora da seguridade viaria no citado treito. Esta actuación permitirá eliminar o TCA identificado e, en xeral, mellorar a seguridade viaria tanto para o tráfico rodado como para o peonil nunha travesía densamente poboada.

As obras proxectadas inclúen o acondicionamento da plataforma actual ao longo dos case tres quilómetros que ten a travesía, e a realización de cambios de trazado, sobre todo nas tres glorietas proxectadas. Ademais, dotarase a vía de sendas peonís que permitirán aos peóns circular en condicións de seguridade axeitadas.

Esta actuación enmárcase dentro das políticas de incremento da seguridade viaria postas en marcha pola CPTOPT. De feito, nos orzamentos da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para 2008 consígnase unha partida de 43,4 millóns de euros para o mantemento, a conservación e a mellora da seguridade viaria nas estradas convencionais, destacando o investimento de 25 millóns de euros tan só para actuacións en treitos de concentración de accidentes, o que supón investir 11 veces máis recursos que en toda a lexislatura pasada.



O IGAPE FINANCIARÁ PRÉSTAMOS POR 40 MILLÓNS DE EUROS E TIPOS DE XURO COMPETITIVOS PARA MICROEMPRESAS, EMPRENDEDORES E PEMES

- *A Liña Microempresas conta con 20 millóns de euros e achegará axudas de ata un máximo de 25.000 euros por proxecto*
- *A Liña Peme Xove, dotada con 10 millóns de euros prevé préstamos de entre 25.000 e 120.000 euros*
- *A Liña Peme Competitiva, con 10 millóns de euros de orzamento, está orientada a mellorar a competitividade de empresas con máis de dous anos de antigüidade*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a habilitación por parte do Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe) dunha liña de préstamos bancarios por importe de 40 millóns de euros a tipos de xuro competitivos dirixidos a microempresas, emprendedores e pequenas e medianas empresas. A iniciativa enmárcase nas accións de dinamización económica do Goberno galego e desenvolverase mediante a sinatura dun convenio entre o Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda, as Sociedades de Garantía Recíproca galegas –Afigal e Sogarpo- e as entidades financeiras.

O convenio inclúe tres tipos de liñas: a primeira, a Liña Microempresas, dotada con 20 millóns de euros, apoiará proxectos impulsados por microempresas a través de préstamos de ata 25.000 euros e a un xuro do euríbor máis 0,20 puntos porcentuais. A segunda, a Liña Peme Xove, para empresas novas ou con menos de dous anos de actividade, estará dotada de 10 millóns de euros e prevé préstamos entre 25.000 e 120.000 euros a un xuro igual ao euríbor máis 0,40 puntos. Por último, a Liña Peme Competitiva, tamén con 10 millóns de euros -e nas mesmas condicións de cantidade e xuro da Liña Peme Xove-, está orientada a investimentos promovidos por pemes con máis de dous anos de antigüidade que impulsen investimentos destinados a mellorar a súa competitividade.

Os préstamos deberán estar garantidos nun 80% mediante aval dunha sociedade de garantía recíproca (SGR), e serán compatibles con outras fontes de financiamento, tanto préstamos como subvencións, que estean destinados ao financiamento de investimentos realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro deste ano.



O IGAPE PROMOCIONARÁ OS VIÑOS DA D. O. RÍAS BAIXAS EN ESTADOS UNIDOS, NO MARCO DUN CONVENIO CO ICEX E O CONSELLO REGULADOR

- *O Instituto Galego de Promoción Económica financiará con 515.000 euros o desenvolvemento de campañas de promoción durante os próximos tres anos*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) incrementará o seu apoio á promoción dos viños da denominación de orixe Rías Baixas en Estados Unidos durante o período 2008-2010, ao abeiro dun acordo de cooperación que subscribirá co Instituto de Comercio Exterior (ICEX) e co Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas.

Potenciar a imaxe, o coñecemento e o incremento das vendas destes viños galegos son os obxectivos do convenio que ven de autorizar o Consello da Xunta para reeditar o asinado polas tres partes para o período 2005-2007, que permitiu un importante incremento das exportacións dos viños galegos ao mercado estadounidense.

O Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda achegará un total de 750.000 dólares (uns 515.000 euros) para o desenvolvemento das campañas de promoción durante os tres próximos anos. Neste novo plan se incluírán máis accións e se prevé que participe un maior número de adegas. O ICEX e o Consello Regulador da D. O. Rías Baixas colaborarán ao plan con achegas de igual cantidade á do Igape.

No marco do anterior convenio para a promoción dos vinos de Rías Baixas en Estados Unidos, a colaboración entre o Igape, o ICEX e o Consello Regulador fixo posible que as 19 bodegas que participaron na promoción visen incrementado nun 99% o valor das súas exportacións durante esta última campaña, sobre os datos da campaña anterior, onde o incremento xa fora importante. O volume das exportacións da D.O. Rías Baixas a Estados Unidos pasou de 1,27 millóns de litros na campaña 03/04 a 3 millóns de litros na campaña 06/07. O importe global das exportacións desta D.O. a ese mercado americano pasou de 8 a 17,5 millóns de euros no mesmo período.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 4,37 MILLÓNS DE EUROS PARA ESTENDER A INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE PROTECCIÓN DE MOTORISTAS NAS ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA

- *A partida autorizada polo Consello da Xunta permitirá actuar en 1.561 quilómetros de estradas, é dicir, no 30% da rede galega*
- *A CPTOPT xa coloca estas barreiras de protección nos treitos de todas as vías de nova construción e nas que son obxecto de remodelación, cumprindo cos requisitos técnicos establecidos na Orde do Ministerio de Fomento*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a investir 4.368.000 euros na instalación de sistemas de protección de motoristas nos treitos das estradas de titularidade autonómica que reúnan os requisitos fixados polo Ministerio de Fomento na Orde Circular 18/2004. Esta partida vai destinada á adecuación de barreiras metálicas de seguridade nos treitos daquelas vías que non son de nova construción nin obxecto de ningunha obra de acondicionamento. Trátase da substitución das antigas barreiras naqueles sitios que exige a normativa, ou ben, naqueles que, segundo un estudo realizado pola CPTOPT, se detectaron accidentes de motos con falecidos ou feridos. O orzamento autorizado hoxe permitirá instalar estas barreiras en 80 quilómetros lineais de estradas, o que supón actuar en 1.561 quilómetros da rede autonómica (é dicir, no 30% do total).

A maiores, a Consellería de Política Territorial xa está a colocar de xeito sistemático estes elementos de seguridade para motoristas tanto nas estradas de nova construción como naquelas nas que se acometen melloras ou actuacións de mantemento. Cómpre recordar que a colocación destes sistemas faise seguindo os criterios que foron fixados polo Ministerio e que establecen os sitios en que é recomendable que se coloquen, sempre que a súa instalación non supoña un risco superior que a súa inexistencia.

A instalación de sistemas de protección de motoristas nas estradas réxese pola Orde Circular 18/2004 do Ministerio de Fomento. Segundo esta normativa, a grandes trazos, débense instalar sistemas de protección de motoristas en estradas interurbanas con limitación de velocidade superior a 60 quilómetros por hora atendendo aos seguintes condicionantes:

- 1- Cando nas marxes existan obstáculos ou desniveis próximos ao borde da calzada e, simultaneamente, a estrada teña as seguintes características:
 - En estradas con calzadas separadas colocaranse no exterior das curvas de raio inferior a 400 metros, nas saídas da estrada cando os carrís de



desaceleración sexan moi virados e no exterior das curvas en que o límite de velocidade sexa inferior en máis de 30 quilómetros por hora ao límite de velocidade inmediatamente anterior.

-En estradas de calzada única con beiravía superior a 1,5 metros poranse no exterior das curvas de radio inferior a 250 metros e no exterior das curvas en que o límite de velocidade sexa inferior en máis de 30 quilómetros por hora ao límite de velocidade inmediatamente anterior.

-En estradas de calzada única con beiravía inferior a 1,5 metros no exterior das curvas en que o límite de velocidade sexa inferior en máis de 30 quilómetros por hora ao límite de velocidade inmediatamente anterior.

- 2- Poderanse instalar con carácter excepcional e sempre que se xustifique pola alta accidentalidade en estradas interurbanas con limitación de velocidade inferior a 60 quilómetros por hora.
- 3- En zonas climáticas susceptibles de nevadas en períodos invernaís, a colocación destes sistemas deberá ser compatible coa eliminación da neve da estrada.
- 4- Non se empregarán sistemas de protección, salvo xustificación expresa, cando nas marxes da estrada non existan obstáculos ou desniveis próximos ao bordo da calzada.



A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS ÁS OBRAS DE REMODELACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *O proxecto que financiarán conxuntamente a Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Vivenda e o Concello de Santiago busca mellorar a competitividade do mercado compostelán*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Vivenda e o Concello de Santiago para o financiamento das obras de remodelación da praza de abastos compostelá.

O proxecto conta cun orzamento de execución por contrata de 5.061.288,90 euros, do que a Consellería achegará 1.136.285,78 euros (máis do 22% do total), o concello será o encargado de achegar 1.394.358,67 euros (o que supón un 27,55% do custo global), mentres que a achega do Ministerio alcanzará os 2.530.644,45 euros (o 50% do total).

Os ditos importes serán asignados en dúas anualidades, nas que se abonará a cantidade fixada a partes iguais.

O Goberno galego enmarca esta actuación dentro das súas competencias en materia de comercio interior e, en concreto, no tocante á planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais do país. Ademais, o Plan de Renovación e Mellora do Comercio Galego que está desenvolvendo a Consellería de Innovación e Industria inclúe un programa específico de mellora competitiva do comercio polo miúdo que busca conxugar os intereses entre o comercio e o contorno no que se desenvolve a súa actividade, impulsando os espazos de uso comercial e fomentando as actuacións desenvolvidas polos concellos para o mantemento e renovación do comercio e a revitalización dos centros urbanos e dos núcleos históricos.



A FESTA DA FILLOA DE MUIMENTA, EN COSPEITO, E A FESTA DO OURIZO DE CERVO SERÁN DECLARADOS MAÑÁ FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO

O Consello da Xunta declarou, por proposta da Consellaría de Innovación e Industria, a festa da Filloa de Muimenta, no concello de Cospeito, e a Festa do Ourizo de Cervo, ambas na provincia de Lugo, como festas de interese turístico de Galicia. As datas nas que estas festas gastronómicas se celebran son o 1 de maio e no mes marzo, respectivamente.

Para fallar favorablemente esta declaración como festa de interese turístico, a Comisión de Valoración de Festa de Galicia de Interese Turístico, presidida pola Dirección Xeral de Turismo da Consellaría de Innovación e Industria, valorou características tales como a antigüidade e arraigo destas celebracións, a súa singularidade e o valor cultural. Así, tomouse como referencia para declarar a exaltación da Filloa de Muimenta como festa de interese turístico o feito de que se celebra de xeito ininterrompido dende 1992 coa asistencia de 25.000 persoas. Ademais, nesta festa pódense desfrutar doutros produtos típicos galegos de calidade, ademais de contar coa presenza de artesáns como zoqueiros, ferreiros ou cesteiros.

No tocante á festa do Ourizo de Cervo, nace en 1992, data dende a que se celebra con periodicidade anual e de xeito ininterrompido, que permite, ademais de dar a coñecer un dos produtos típicos da zona, promocionar a riqueza cultural, paisaxística e gastronómica da zona. Desde 2001 desenvólvense unhas Xornadas Técnicas sobre o ourizo de mar que pretende afondar no coñecemento deste produto. En 2002 engadiuse unha nova actividade: a celebración dun concurso gastronómico no que participan os hostaleiros que colaboran no evento.

A XUNTA REMITIRÁ AO PARLAMENTO UN INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DE DECLARACIÓNS DE BENS PATRIMONIAIS E ACTIVIDADES DOS ALTOS CARGOS

- *As declaracións de actividades de altos cargos estarán dispoñibles na páxina web institucional da Xunta*
- *Crearase unha Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas e cambiaranse as declaracións para que a publicidade dos rexistros nos que se inscriban se faga sen afectación da seguridade persoal e da intimidade*

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en cumprimento co establecido na Lei de transparencia e boas prácticas, remitirá ao Parlamento de Galicia un informe sobre o grao de cumprimento das obrigas de declarar establecidas na normativa de incompatibilidades dos membros da Xunta e altos cargos da Administración autonómica. O titular do departamento, José Luis Méndez Romeu, deu conta disto ao Consello na xuntanza celebrada esta mañá.

A Lei de transparencia e boas prácticas introduce novidades salientables no referente á publicidade dos rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta, establecendo obrigas de publicidade e difusión destes. Así, no relativo ao rexistro de actividades, establécese a obriga de publicar as declaracións de intereses e actividades dos altos cargos cuxo nomeamento sexa efectuado por decisión do Consello; e sobre o rexistro de bens patrimoniais, o texto impón a obriga de dar anualmente conta do seu contido ao Parlamento de conformidade co que dispoña o regulamento da Cámara, sen que ata o momento actual se teña desenvolto esta previsión normativa.

Por todo iso, o Goberno remitirá á Cámara un informe do grao de cumprimento das obrigas de declarar establecidas na referida lei, así como das condutas contrarias ás obrigacións impostas e as responsabilidades declaradas. Este documento abrangue ambos os dous rexistros de forma separada e clasificada por consellerías, así como polo cargo público que ocupan os seus titulares. A información facilitada referirase aos datos a 20 de febreiro de 2008, agás o referente aos cargos nomeados nos últimos tres meses, por ser este o prazo que está establecido para formalizar as declaracións.

Así mesmo, e co fin de dar publicidade ao contido das declaracións de actividades de altos cargos, habilitarase un enlace na páxina web institucional da Xunta de Galicia (no enderezo <http://www.xunta.es/administracions>) onde se poderán consultar as declaracións dos altos cargos nomeados polo Consello. Estarán dispoñibles as correspondentes ao presidente, vicepresidente e conselleiros, e as restantes se formalizarán a través de sucesivas publicacións.



Novo marco normativo

Doutra banda, a Xunta considera necesario un novo marco que sirva para desenvolver a organización e o funcionamento dos rexistros e das declaracións que se inscribirán neles, cuxos contidos normativos se atopan superados na actualidade. Con este obxectivo, está xa en trámite un novo decreto que regulará os rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos do Goberno. Para iso creárase a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, que será o órgano competente para a xestión do réxime de incompatibilidades de altos cargos e estará adscrita á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Así mesmo, considérase necesario cambiar o contido das declaracións de actividades e de bens patrimoniais para conciliar que a publicidade dos rexistros nos que estas se inscriban se faga sen afectación da seguridade persoal e da intimidade do cargo. Neste sentido, faise necesario establecer que na difusión pública do contido dos rexistros non figuren datos que non estean relacionados estritamente co control, a través da transparencia administrativa, do exercicio das funcións que lle poidan corresponder como cargo público, como é o caso do domicilio persoal.

Para iso a Consellería de Presidencia está xa a traballar nos novos modelos de declaracións que salvagarden os principios marcados na Lei de protección de datos de carácter persoal, para o que se establecerá un novo prazo de presentación destes formularios adaptados a esta normativa.

A Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, ademais de establecer como principio de carácter xeral a incompatibilidade de actividades e a dedicación absoluta dos cargos públicos, introduce os principios éticos e de conduta do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu obxectivo principal é garantir a independencia, imparcialidade e obxectividade dos cargos públicos no exercicio das competencias que lle foron encomendadas, de xeito que a súa actuación pública non poida verse mediatizada por actividades ou intereses diferentes aos correspondentes ao seu cargo.



O ESQUEMA DE INCENTIVOS Á PROMOCIÓN EMPRESARIAL DO IGAPE PREVÉ UN VOLUME DE AXUDAS DE 712 MILLÓNS DE EUROS EN 2008

- *Esta liña de apoios inducirá un investimento empresarial de 2.000 millóns de euros*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) mobilizará un volume de recursos á promoción empresarial de 712 millóns de euros en 2008, un 22% máis que no ano anterior. O investimento empresarial inducido por estes apoios está estimado en 2.000 millóns de euros.

Estes datos foron explicados no Consello da Xunta polo titular de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, quen informou do novo esquema de incentivos do Igape que potencia as tres liñas prioritarias da estratexia de promoción empresarial: as axudas a investimentos produtivos; o financiamento preferencial; e as fórmulas de capital risco.

Así, ao primeiro ámbito destinaranse 128 millóns de euros; ao segundo (préstamos preferenciais e avais), 484 millóns de euros; e ao terceiro, 100 millóns de euros. En total, 712 millóns de euros entre apoios directos do Igape e compartidos con outras entidades como Incentivos Rexionais, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (MYTIC), o Instituto de Crédito Oficial (ICO) ou a Sociedad Estatal de Promoción y Desarrollo Industrial (Sepides).

O novo esquema de incentivos do Igape supón tamén un cambio cualitativo coa simplificación das bases reguladoras que se publicarán proximamente e que prevé, unha maior concentración de esforzos e unha maior intensidade das axudas. Así, redúcese a 500.000 euros o investimento mínimo subvencionable xeral; e a 200.000 euros nas comarcas con especiais condicións de apoio, como Ferrolterra, Costa da Morte ou Valdeorras.

O novo esquema aportará maior axilidade e eficacia nos apoios públicos o que permitirá avanzar no obxectivo dunha promoción empresarial orientada a reforzar os apoios ao investimento, fomentar a cooperación empresarial e a internacionalización, e impulsar a competitividade e produtividade das empresas, e a creación de emprego.

A internacionalización, como unha das prioridades estratéxicas do Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda, contará cunha base reguladora específica. A través desta liña se apoiará especialmente as accións das empresas galegas nos mercados emerxentes de máis alto crecemento como China, Rusia, India, Brasil e México, así como nos países que veñen de incorporarse á Unión Europea. Neste sentido, e para favorecer a captación de novos mercados, estableceranse

axudas para desenvolver plataformas loxísticas conxuntas (para cinco ou máis empresas) durante os dous primeiros anos.

Esta iniciativa engarza con outra das liñas prioritarias da nova estratexia, referida a primar as iniciativas de agrupacións empresariais e clusters. O Igape prevé apoiar a incorporación laboral de especialistas en comercio internacional a clústers, agrupacións empresariais innovadoras e empresas.

Tamén no ámbito da internacionalización do tecido empresarial galego, se definirán apoios para concorrer a licitacións públicas internacionais ou a asistencia técnica directa a empresarios de orixe galega no exterior para a análise de oportunidades de negocio e cooperación conxunta nos países onde estean asentados.

Dentro do programa de capital risco, e en liña coa estratexia de potenciar os instrumentos financeiros de carácter reembolsable e riscos compartidos, Xesgalicia potenciará a súa actividade a través dos seus fondos e da participación noutros. Xesgalicia prevé investir 100 millóns de euros en máis de vinte proxectos empresariais. Deste xeito, acentúase a progresión dos dous últimos anos:

- En 2005, Xesgalicia investiu 6,7 millóns de euros en seis proxectos
- Entre 2006 e 2007 o investimento medio foi de 38 millóns anuais con 21 proxectos por ano.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO PON EN MARCHA UN PROGRAMA TRANSVERSAL POLA IGUALDADE LABORAL QUE BENEFICIARÁ A MÁIS DE 150.000 MULLERES

- *En virtude da Lei do traballo en igualdade, o Plan Aurora de Emprego Feminino contará cun orzamento de 190 millóns de euros en 2008*
- *Incluirá 7 programas específicos para promover a incorporación de máis mulleres ao mercado laboral, incrementar a calidade do emprego feminino, incorporar mulleres a profesións nas que están subrepresentadas, garantir a igualdade na negociación colectiva, fomentar o emprendemento, apoiar a sectores maduros con alto índice de presenza feminina e potenciar a conciliación*

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, informou esta mañá ao Consello da Xunta do contido e da posta en marcha dun programa integral de carácter transversal pola igualdade laboral que beneficiará a máis de 150.000 mulleres galegas: o *Plan Aurora de Emprego Feminino*. Para o seu desenvolvemento destinarase un orzamento de 190 millóns de euros en 2008.

Para a posta en marcha deste plan, o departamento laboral da Xunta de Galicia deseñou sete programas específicos, cuxa finalidade é promover a incorporación de máis mulleres ao mercado laboral, incrementar a calidade do emprego feminino, incorporar mulleres a profesións nas que están subrepresentadas, garantir a igualdade na negociación colectiva, fomentar o emprendemento, apoiar a sectores maduros con alto índice de presenza feminina e potenciar a conciliación.

O *Plan Aurora* representa unha estratexia integrada do conxunto das políticas da Consellería de Traballo para avanzar na procura da igualdade laboral entre homes e mulleres. A Consellería de Traballo baséase en dúas ferramentas clave para dar cumprimento ao principio de igualdade efectiva: a Lei do traballo en igualdade das Mulleres de Galicia e as medidas concretas pactadas cos axentes económicos e sociais no *Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia. Acordo polo Emprego*.

Programa Activa

A finalidade do programa *Activa* é incrementar a participación das mulleres no mercado laboral, incorporando ás inactivas e ás paradas a este, de cara a achegar o índice de mulleres afiliadas a un nivel similar ao dos homes. Neste programa establécense as medidas que teñen como obxectivo a incorporación de mulleres inactivas e paradas ao mercado laboral, así como a colectivos específicos de mulleres. Tamén se inclúen nel as discriminacións positivas establecidas en relación coas mulleres. O número de mulleres participantes nas diferentes actuacións de mellora da empregabilidade será de 87.350. Incentivarase a contratación de 2.000 mulleres de diferentes colectivos.



Programa Atalaia

Neste proxecto inclúense actuacións destinadas á prevención de riscos no embarazo e lactación. Asemade, *Atalaia* contará cun módulo específico na formación en prevención de riscos no traballo dende a perspectiva de xénero. Así mesmo, vincúlense os plans sectoriais de estabilidade dos sectores da hostalaría, agroforestal, construción e comercio. O conxunto de beneficiarias deste programa ascende a 13.000 mulleres.

Programa Muller porque si

Outro dos retos que se marca a Consellería de Traballo é reducir as desigualdades por razón de sexo na incorporación das mulleres ao conxunto das actividades e ocupacións nas que están subrepresentadas. Para este fin contará co programa *Muller porque si*. Estímase en 3.500 o número de mulleres que participará este ano. Continúase co programa posto en marcha no ano 2007, coa novidade da incorporación das actividades de loxística e seguridade xunto coas de metal, construción, madeira e transporte.

Engaderáselle a incentivación para a contratación indefinida nesas actividades e unha liña de axudas para as empresas galegas para a realización de investimentos en estrutura, inmobiliario e instalacións, de cara ao desenvolvemento do traballo da muller en sectores con infrarrepresentación feminina.

Programa Valora

O *Programa Valora* potenciará a existencia de cláusulas convencionais en contra de toda discriminación, e de cláusulas declarativas de non discriminación por razón de xénero. Tamén prevé actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social en relación co traballo da muller galega.

Promoverá accións de sensibilización, formación e intercambio de boas prácticas nas empresas, mediante unha liña de axudas para que as empresas galegas, fundamentalmente as pemes, incorporen os conceptos integradores da responsabilidade social empresarial (RSE) nas relacións laborais, sobre todo o principio de igualdade efectiva.

Traballarase sobre 700 convenios colectivos. A Inspección de Traballo realizará 600 ordes de servizo¹ e beneficiaranse unhas 200 empresas da liña de axudas á implantación da RSE.

Programa Agromar

¹ Unha orde de servizo é unha actividade inspectora planificada ao respecto dunha materia concreta, da que se poden derivar varias visitas á mesma entidade e múltiples actuacións (levantamento de actas, peticións de datos, requirimento de documentación, et).



O Programa *Agromar* porá en marcha medidas tendentes a efectivizar a conciliación da vida laboral e familiar, de tal xeito que os socios e socias poidan compatibilizar as súas responsabilidades nestes dous ámbitos; promoverá o papel das mulleres no cooperativismo e, particularmente, na potenciación do seu acceso aos órganos de goberno e xestión das cooperativas, e no impulso do emprendemento cooperativo feminino.

Establecerase un plan de formación en materia de atención persoal dirixida prioritariamente ás 6.575 mulleres desempregadas de máis de 45 anos sen formación de tipo profesional nin experiencia. Haberá outro programa centrado en ocupacións do sector turístico, dirixido prioritariamente ás 3.380 mozas desempregadas menores de 30 anos que carecen de formación e experiencia. Un terceiro dirixirase a ocupacións vinculadas coas enerxías alternativas, e será enfocado ás 3.864 mulleres desempregadas con formación profesional e sen experiencia laboral.

No apartado cooperativo, estímase en 35.000 as mulleres beneficiarias. Ás actividades formativas accederán 2.000 mulleres e dos incentivos beneficiaranse aproximadamente 2.200. En total haberá unhas 40.200 beneficiarias.

Tecendo Futuro

O programa *Tecendo futuro* está deseñado para os sectores do téxtil e de industrias alimentarias. Reconverterá ás demandantes a ocupacións de futuro nestes mesmos sectores ou noutros. Así pois, na convocatoria de axudas para programas de formación para traballadores ocupados priorizaranse aqueles dirixidos a traballadores dos sectores téxtil e confección e industrias alimentarias. Dentro dos estudos sobre muller traballadora e enfermidades profesionais, prestarase especial atención aos sectores laborais feminizados, inicialmente os da conserva e de redeiras. O número de mulleres beneficiarias ascenderá a 2.200.

Programa Concerta

O *Programa Concerta* abordarase principalmente a través de dúas liñas: un plan para a organización do tempo nas cidades, que conta cun orzamento inicial de 100.000 euros, e o programa de bancos do tempo. Prevese que en ambas liñas participarán aproximadamente 6.000 mulleres. O obxectivo principal é potenciar a conciliación da vida familiar e laboral.

No conxunto do *Plan Aurora* estímase que serán beneficiadas, dun ou doutro xeito, unhas 150.000 mulleres e que participarán 300 empresas. Ademais, influirá en 700 convenios colectivos e estará en relación con 600 ordes de servizo da Inspección de Traballo.



RENOVACIÓN DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

O presidente da Xunta, deu conta hoxe ao Consello da Xunta de que vai proceder a nomear os membros do Consello Consultivo de Galicia, cumprindo así co trámite legal de oír ao Consello da Xunta antes de proceder ao nomeamento.

Os cinco membros electivos que van ser nomeados polo presidente para integrar o novo Consello Consultivo son: María Teresa Conde-Pumpido Tourón, maxistrada especialista na Sala do Social do TSXG; José Luis Costa Pillado, maxistrado da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG; Francisco Javier d'Amorín Vieitez, maxistrado da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG; José Gonzalo de la Huerga Fidalgo, maxistrado emérito do TSXG; e Carlos Martínez-Buján Pérez, catedrático da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

MARÍA TERESA CONDE-PUMPIDO TOURÓN

Naceu en Pontevedra no 1951. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela no 1973. Foi concelleira do Concello de Vigo entre 1979 e 1980, e do 1984 ao 1989 ocupou a Presidencia da Confederación Estatal de Avogados Xóvenes. Desde o 1977 exerce como avogada na cidade olívica.

No 1994 accedeu ao cargo de maxistrada polo cuarto Turno de xuristas de recoñecido prestixio, sendo titular, sucesivamente, dos Xulgados do Social de Santa Cruz de Tenerife, Pontevedra e Vigo. En febreiro do 2005 superou as probas de maxistrada especialista da orde social, e desde novembro de dito ano ocupa praza de maxistrada especialista na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Demais, é profesora da área de Dereito Laboral da *Escola de Práctica Xurídica Concepción Arenal*, e ten formado parte do Secretariado de Xuíces para a Democracia en dúas ocasións (de 2000 a 2002 e de 2004 a 2006), exercendo como co-voceira no último mandato.

É autora das publicacións *El nuevo poder de dirección; Límites causales a las modificaciones del contrato de trabajo; La reforma laboral de 2006* ou *Los planes de igualdad. Erradicación de discriminaciones directas e indirectas en la negociación colectiva*.

Dirixiu os cursos do Consello Xeral do Poder Xudicial *Las nuevas directivas contra la discriminación*, celebrado en Murcia en decembro de 2007, e *Trabajo y familia en la jurisdicción social: conciliación de la vida familiar y laboral y medidas para víctimas de la violencia de género*, realizado en Madrid en setembro de 2006.



Ademais, ten impartido múltiples conferencias, das que destaca a especial atención dedicada a temas relacionados coa igualdade de xénero.

JOSÉ LUIS COSTA PILLADO

Naceu en Cambados o 19 de xullo de 1954. Actualmente está casado e ten dous fillos. É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e conta cos diplomas en Dereito Civil Galego, outorgado pola USC polo *Curso Superior de especialización en Dereito Civil Galego*, e de aproveitamento no *Curso Superior de dereito civil de Galicia*, expedido pola mesma universidade.

Ingresou por oposición na Carreira Xudicial no 1982, exercendo como xuíz en Ibiza, A Estrada e Pontevedra. Promovido á categoría de maxistrado o 29 de xaneiro de 1988, exerceu como tal no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº5 de Pontevedra e no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de dita cidade, cargo que compatibilizou, en comisión de servizos sen relevo de funcións, co de maxistrado da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En decembro de 1995 foi escollido Xuíz-Decano dos Xulgados de Pontevedra, cargo que desempeñou ata maio de 1998. Ten impartido aulas como profesor colaborador especialista da Escola Superior de Prácticas Xurídicas *Teucro Iuris* de Pontevedra, na que foi coordinador da área de Práctica Xurídica urbanística para o bienio 2000-2002 e xefe de área de Dereito Administrativo entre 2003 e 2004. Tamén ten impartido clases de práctica procedemental contencioso-administrativa aos alumnos do 2º ciclo da Escola de Práctica Xurídica *Concepción Arenal* do Colexio de Avogados de Vigo. Ten intervido como poñente en diversos cursos e seminarios relacionados co Dereito Administrativo organizados polo Centro Asociado da UNED en Pontevedra, pola Academia Galega de Seguridade, polo Colexio de Avogados de Vigo, polo Centro de Estudos Xurídicos da Administración de Xustiza e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, pola Dirección Xeral de Relacións Laborais e pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

É colaborador da *Revista Xurídica Galega*, e na actualidade é maxistrado da Sección Cuarta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

FRANCISCO JAVIER D´AMORÍN VIEITEZ

Naceu en Salvaterra de Miño, na provincia de Pontevedra, o 3 de xullo de 1948. Licenciouse en Dereito pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela no 1971, e no 1975 ingresou na Carreira Xudicial, servindo no Xulgado Comarcal da Guarda, nos Xulgados de 1ª Instancia e Instrución de Villanueva de la



Serena, en Badajoz, en Corcubiión, en Pontearreas, no nº 3 de Ferrol, no nº 1 de Santiago de Compostela e na Audiencia Provincial de San Sebastián.

Dende o mes de decembro de 1999 serve destino como maxistrado na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que formou parte da Sala de Goberno durante dous mandatos.

No xurdir do asociacionismo xudicial, foi membro da Executivo Nacional da *Asociación Profesional da Maxistratura* no período 1986-1988. Desempeñou ademais o cargo de director xeral de Xustiza e Administración Territorial na Consellería de Presidencia e Administración Pública no período 1988-1990.

Foi profesor asociado de Dereito Procesual da Facultade de Dereito da USC e profesor colaborador da Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, e ten participado na elaboración de ponencias e impartido cursos de formación de xuíces e funcionarios da Administración Autonómica e Local organizados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e pola Escola Galega de Administración Pública relacionados con diversas materias.

JOSÉ GONZALO DE LA HUERGA FIDALGO

Licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid, conta co título de Profesor-Tutor de Dereito Administrativo da UNED e ten realizado cursos teóricos de doutoramento en Dereito. É maxistrado emérito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e desempeña o cargo de presidente da Sala do Contencioso-Administrativo dese mesmo tribunal.

No 1972 foi vicepresidente da Sección 4ª do I Congreso de Dereito Galego celebrado na Coruña; ademais, foi membro da Comisión creada para a divulgación das conclusións do Congreso en mesas redondas constituídas nas principais cidades de Galicia. Tamén foi relator nas Xornadas sobre Dereito Especial organizadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia na Coruña no 1975, e participou no curso de Dereito especial celebrado na Coruña por esas mesmas institucións no 1992.

No 1998 participou na xuntanza de especialistas de Dereito Especial celebrado na Coruña para facer balance da aplicación do mesmo dende a aprobación da Compilación promovida pola Xunta de Galicia e a Asociación galega de Avogados. Tamén foi membro da Comisión sobre Montes Veciñais en man común no III Congreso de Dereito Galego celebrado na Coruña no 2002.

No 1997 dirixiu o Curso teórico sobre Especialización entre maxistrados da Xurisdición Contencioso-Administrativa organizado polo Consello Xeral do Poder



Xudicial e a Xunta de Galicia, no que tamén foi relator, e no 1998 dirixiu o Curso práctico sobre dita especialización celebrado na Coruña. Ademais, foi director dos Seminarios sobre Dereito Administrativo con Xuíces e Maxistrados da especialidade celebrados nos anos 1998 e 1999 en Santiago de Compostela e organizados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e pola Xunta de Galicia.

Ten impartido múltiples conferencias e é autor dunha decena de publicacións sobre dereito. A proposta do Colexio de Procuradores da Coruña, e co apoio do Colexio de Avogados e do presidente da Xunta de Galicia e informe favorable da Sala de Goberno do Tribunal Superior, foille concedida a Cruz distinguida de San Raimundo de Peñafort. Asímesmo, nos anos 1998 e 1999 foi membro do Xurado para o outorgamento do Premio Concepción Arenal.

CARLOS MARTÍNEZ-BUJÁN PÉREZ

Nado en Monforte de Lemos o 15 de xullo de 1955, é catedrático en Dereito penal no Departamento de Dereito Público da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela no ano 1977, e nese mesmo ano graduouse en Dereito na USC; ademais, ampliou estudos en Alemaña e en Italia, sendo bolseiro da *Deutscher Akademischer Austauschdienst*, da *Fundación Max Plank* e do Ministerio español de Educación e Ciencia. No 1981 obtivo o título de doutor en Dereito, e desde decembro do 1983 é profesor adxunto numerario de Dereito Penal na Facultade de Dereito da USC. Así mesmo, desde 1988 ocupa o cargo de catedrático de Dereito Penal nesa mesma facultade, e dende 1989 tamén na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

Desempeñou os cargos de secretario do Instituto Universitario de Criminoloxía da Universidade de Santiago; de director da Escola de Práctica Xurídica da USC; e de director do Departamento de Dereito Público da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña.

É autor de trece libros sobre temas xurídicos especializados, e publicou tamén máis de sesenta artigos sobre temas de dereito penal en libros colectivos e revistas xurídicas. Ademais, é autor de diversas recensións, prólogos e artigos de prensa publicados nos diarios La Voz de Galicia e El País.

Foi investigador principal de cinco proxectos de investigación sobre temas de dereito subvencionados polos Ministerios de Educación e Ciencia e pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como investigador responsable dun Programa de Acción integrada de Investigación científica e técnica entre España e Italia, financiado pola DGYCT do Ministerio de Educación.



Ten impartido máis dun cento de conferencias, cursos de doutoramento e seminarios en diferentes universidades españolas e estranxeiras, así como noutras institucións. Ademais, ten desempeñado o cargo de avaliador científico en Proxectos de I+D relacionados coa área das ciencias xurídicas, designado pola Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva da Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía; ten sido membro de diversos comités científicos de editoriais e revistas xurídicas; vogal do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública; e membro do Consello Reitor do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, da Universidade da Coruña.



MIGUEL MARTÍNEZ LOSADA É NOMEADO NOVO DIRECTOR DO INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

Miguel Martínez Losada foi nomeado hoxe polo Consello da Xunta director do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga). Para acceder a este cargo, cesou como director do Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña. O Issga será o organismo impulsor, motor e cerebro da seguridade laboral da Comunidade galega. Os fins prioritarios deste organismo serán a xestión e coordinación das políticas que estableza o Goberno galego, en materia de seguridade, hixiene e saúde laboral, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir en orixe os riscos inherentes á prestación laboral. Cómpre sinalar que a posta en marcha do Issga cumpre un compromiso adoptado polo Goberno autonómico cos axentes económicos e sociais no marco do proceso de Diálogo Social.

Martínez Losada licenciouse en Ciencias Químicas na Universidade Complutense de Madrid, na especialidade de Química Orgánica e Bioquímica. Exerceu como químico de desenvolvemento de procesos na empresa Down-Chemical dende 1970 ata 1973. Acadou un posto de funcionario da escala superior do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Deste xeito, dende 1973 a 1983, desempeñou no daquela Gabinete de Seguridade e Hixiene da Coruña o cargo de xefe de Hixiene Industrial e de Seguridade. Durante ese período, puxo en marcha eses servizos e realizou estudos sobre riscos laborais en empresas. Entre os anos 1992 e 2007 desempeñou as funcións de xefe de sección de Hixiene de Campo (1992-1994), xefe de Equipo de Hixiene Industrial (1994-2005) e director do Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña (2005-2008). Esta actividade desenvolveuna en virtude da súa condición de funcionario titulado superior do corpo de Químicos da administración especial da Xunta de Galicia, con destino no Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña.

Ao asumir estas responsabilidades levou a cabo actividades de asesoramento e control de riscos laborais en centros de traballo e tamén formou parte de comités e grupos técnicos de traballo.

Por outra banda, tamén participou en xornadas técnicas e congresos entre os anos 1995 e 2007, sobre todo naquelas actividades relacionadas cos axentes químicos canceríxenos, coa avaliación de riscos, cos campos electromagnéticos e vibracións, así como coa organización da prevención. Ademais, foi coautor do *Protocolo estatal de vixilancia sanitaria de axentes citostáticos* e participou na mesa sobre Prevención de riscos laborais do proceso de Dialogo Social en Galicia en representación da Consellería de Traballo.



En relación coa docencia, a partir de 1973 iniciou a súa actividade docente en prevención de riscos laborais a todos os niveis. Exerceu como profesor da Escola de Graduados Sociais en materia de Seguridade e Hixiene no Traballo dende 1975 a 1983. Tamén foi profesor do Máster de Prevención de Riscos Laborais da Escola Politécnica Superior da Universidade da Coruña e profesor dos cursos superiores de Prevención de Riscos Laborais nas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo.

No ámbito político, foi elixido concelleiro do Concello da Coruña nas eleccións municipais de 1983. Entre 1983 e 1986 exerceu de Tenente de Alcalde e de concelleiro de Seguridade Cidadá e de Facenda do Concello da Coruña e tamén foi deputado provincial da Deputación da Coruña. Dende 1984 ata 1986 foi membro do Consello de Administración de CRTVG.

Martínez Losada asumiu a responsabilidade de gobernador civil de Pontevedra durante os anos 1986 e 1987. Ese mesmo ano foi nomeado conselleiro de Traballo e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, responsabilidade que ocupou ata 1990. Ese ano foi elixido deputado do Parlamento de Galicia ata 1993.

Cómpre sinalar, por último, que Martínez Losada foi o patrón-fundador da fundación Celso Emilio Ferreiro e do Instituto de Estudos Políticos e Sociais.